

## BANDO INFORMATIVO

### FASE 1 DA DESESCALADA NO CONCELLO DE VIANA DO BOLO

En relación á Orde do Ministerio de Sanidade 399/2020, de 9 de maio, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional, establecidas trala declaración do estado de alarma en aplicación da fase 1 do Plan para a transición cara unha nova normalidade, esta Alcaldía,

#### INFORMA

**PRIMEIRO.** A partires do luns, 11 de maio, **permítese a circulación pola provincia de Ourense**, respectando as medidas de seguridade e hixiene establecidas polas autoridades sanitarias para a prevención do COVID-19. A tales efectos, os grupos deberán ser de un **máximo de 10 persoas**, salvo no caso de persoas convivintes.

**SEGUNDO.** Poderá procederse á **reapertura ó público dos locais de comercio minorista e actividades de servizos profesionais** cuxa actividade fose suspendida pola declaración do Estado de Alarma, incluídos **concesionarios de vehículos, ITV, centros de xardinería e viveiros**.

O **aforo do local limitarase ó 30%**, e deberá manterse unha **distancia de seguridade de 2 metros**. Ademais, deberá establecerse un **horario de atención con servizo prioritario a maiores de 65 anos**.

En todo caso deberá atenderse ás **medidas de hixiene** establecidas no artigo 11 e seguintes da Orde 399/2020.

**TERCEIRO.** Poderá procederse á **reapertura ó público das terrazas ó aire libre** dos establecementos de hostalaría e restauración, limitándose ó **50% das mesas permitidas na licenza municipal do ano 2019**, cun **máximo de 10 persoas por mesa**, e garantindo unha **distancia física de 2 metros entre mesas ou agrupacións de mesas**.

**CUARTO.** Poderá procederse á **reapertura de hoteis e aloxamentos turísticos**, cumprindo coas medidas recollidas no Capítulo XIII da Orde 399/2020. Aos servizos de restauración e cafeterías dos hoteis e aloxamentos turísticos apicaránselle as condicións establecidas no Capítulo XIII da citada Orde.

**QUINTO.** Volve a estar **prohibida a práctica da caza e pesca deportiva**, non considerándose como un deporte individual permitido (artigo 43 da Orde 399/2020).

Para información ampliada e acceso á normativa, podes consultar a páxina web do Concello de Viana do Bolo ([www.vianadobolo.gal](http://www.vianadobolo.gal)).

O que se fai público para xeral coñecemento en Viana do Bolo, a 10 de maio de 2020.

O Alcalde. Secundino Fernández Fernández.  
Asinado dixitalmente á marxe.